



**Título:** *Inmigración e acción educativa en Galicia*  
**Autor:** Miguel Anxo Santos Rego  
 e María do Mar Lorenzo  
 Moledo  
**Editorial:** Xerais, Vigo, 2003  
**Núm. pp.:** 277  
**Tamaño:** 21 x 13

Atopámonos ante o primeiro libro que se escribe sobre o fenómeno da inmigración en Galicia. Acostumados a percibir a emigración como un dos referentes, entre outros, que constrúen a identidade galega, o fenómeno inmigratorio constitúe un reto totalmente novo para esta sociedade, e o ter que se confrontar a el, sen previa experiencia —moitas veces con perda de memoria cando a historia nos coloca no outro lado do espello— pide un esforzo común importante. Ademais, o fenómeno inmigratorio ten tantos matices que pon en xogo todos os aspectos dunha sociedade: éticos, humanos, políticos, económicos, sanitarios, relixiosos, educativos... e confronta os membros desa sociedade a un complexo reto que esixe resposta immediata, o que fai que provoque actitudes rara vez temperadas, xeralmente extremas, de aceptación ou de rexeitamento, que se manifesten en dous polos de comportamentos: solidarios ou racistas, o que esixe estar en máxima alerta social. O reto é maior para os profesores

que xa, nestes momentos, teñen nenos, fillos de emigrantes procedentes doutras culturas, sentados nas súas aulas.

O mellor remedio para as actitudes intolerantes é a educación. Miguel Anxo Santos e María do Mar Lorenzo, que teñen experiencia en estudar a educación dos emigrantes galegos nos seus lugares de destino, agora, membros do país de acollida e comprometidos no sentido de que a educación é a peza clave para a integración dos emigrantes, son as persoas apropiadas para orientar nesta dirección. Este libro é unha contribución a isto.

Os autores do presente libro entenden que os profesores son os axentes sociais dinamizadores dunha sociedade, que deben educar para convivir na diversidade cultural onde os valores de tolerancia e solidariedade constitúan un compromiso activo, que implique, non a asimilación dos emigrantes con perda da súa riqueza cultural, senón a integración na sociedade de acollida, creando un novo mosaico de

multiculturalidade onde todos caíbamos. O desafío non é sinxelo, pero os humanos, se nos encollésemos ante o complexo, quizais seguiríamos no paleolítico.

O lugar ideal e máis eficaz para levar a cabo as transformacións persoais que demanda a nova sociedade é a escola. Por iso este traballo se marca como obxectivo facer unha aproximación ó vínculo inmigración-educación en Galicia, de gran potencia para un futuro de convivencia dentro dunha cidadanía intercultural.

Na primeira parte do libro ofrecen a análise do contexto, para buscar explicación ó porque da presencia de emigrantes en Galicia e para coñecer a situación socioeducativa en Galicia. Achegan datos e cifras sobre poboación emigrante en España. Os autores prognostican que as tendencias son a aumentar, como así ocorreu; de feito, as cifras que aparecen no libro (ata o ano 2002, o 3'85% da poboación española) xa foron superadas. A finais do ano 2003, a porcentaxe de emigrantes en España é do 8%, a maior presencia é a de ecuatorianos, seguida de marroquís. É certo que os fluxos migratorios son inmensamente dinámicos, pero dada a situación política, social e sobre todo económica, a nivel mundial, a inmigración a curto e medio prazo é impparable, e ademais necesaria por razóns demográficas e económicas. Os efectos indeseables da globalización levaron a aumentar as distancias entre os países ricos e os países pobres, o que implica o desprazamento de persoas coa esperanza de atopar unha vida máis digna.

As cifras de nenos estranxeiros escolarizados en Galicia é baixa en relación

con outras comunidades autónomas como Madrid, Baleares ou Cataluña pero o seguimento desde cinco cursos atrás reflicte un grande aumento, sobre todo nos niveis de Ensinanza Obrigatoria e en centros de titularidade pública, o que esperta novas necesidades de formación no profesorado. Nesta primeira parte do libro achegan un estudo da lexislación española sobre educación, cando fai referencia a nenos estranxeiros. O posicionamento dos autores é claro: a defensa do dereito á educación do neno inmigrante, independentemente da situación de regulación ou non.

A segunda parte é a descripción do proceso investigador que realizaron, cos obxectivos de diagnosticar a escola intercultural en Galicia, estudar o perfil socioeducativo do alumnado inmigrante, realizar unha experiencia pedagóxica para a mellor integración dos alumnos, mediante a utilización de técnicas de aprendizaxe cooperativa en contextos escolares culturalmente heteroxéneos. Empregaron métodos cuantitativos traballando con profesores, directores e alumnos emigrantes e autóctonos. Tamén métodos cualitativos centrados en catro parámetros: centro educativo, programa, profesorado e alumnado.

Por primeira vez, faise un estudio en Galicia no que se contacta directamente con todas as persoas implicadas neste novo fenómeno. Ó realizar a enquisa e preguntar a pais, alumnos e profesores sobre o complexo e multifactorial fenómeno da presencia de nenos inmigrantes na escola e na sociedade, e obrigalos a posicionarse co grao de acordo ou desacordo cara a certas aseveracións en rela-

ción con actitudes, conceptos, crenzas, ideas, receos, temores, prexuízos, leva os enquisados a ter que reflexionar sobre unha realidade social de total actualidade e que moitas veces por comodidade, por rutina, por desinterese non nos detemos a pensar, deixándonos levar e adscribindonos ós estereotipos existentes. O profesorado, maioritariamente, considera que os nenos inmigrantes escolarizados non son conflitivos, e que a súa presenza supón unha vantaxe para reducir os prexuízos e aumentar a tolerancia do alumnado.

No diagnóstico da escola intercultural en Galicia, queda reflectido que os alumnos de Ensinanza Secundaria galegos mostran unhas actitudes positivas ante a presencia de inmigrantes na sociedade e de compañeiros inmigrantes nas aulas, algo esperanzador, pedra básica sobre a que hai que traballar, para afianzala e desenvolver os valores de solidariedade e tolerancia; pois outras experiencias demostraron como as actitudes positivas van diminuíndo a medida que as porcentaxes de poboación inmigrante aumenta. Hai que aproveitar esta valiosa semente de aceptación do inmigrante e regala diariamente para que floreza e madure en froitos de gran riqueza para todos os cidadáns, xa que hai que educar non para o presente, senón pensando no mañá, e anticipándose ó que a experiencia nos mostra como quizais posible futuro non desexado, para evitalo. É labor de toda a sociedade, de cada un de nós e sobre todo dos profesores (Kant, na súas leccións de *Pedagogía*, dicía que eles son a parte fundamental na formación da "cidadanía cosmopolita" dos adultos de mañá).

A terceira parte presenta o deseño e avaliación dun Programa de Intervención na Escola sobre Educación Intercultural e Aprendizaxe Cooperativa. O obxectivo xeral do Programa foi cooperar para aprender e aprender para cooperar, detaillado en seis obxectivos específicos onde se incluía desde formar os docentes en técnicas de aprendizaxe cooperativa, ata progresar no dominio dos contidos de aprendizaxe polos alumnos, pasando por mellorar as actitudes de profesores e alumnos respecto á diversidade cultural na educación. Resumindo a hipótese formulada: a participación dos alumnos neste programa propicia unha mellora na calidade dos procesos educativos, ó mesmo tempo que mellora en valores, crenzas e actitudes respecto a persoas doutras culturas, o cal favorece a súa integración. Levouse a cabo en centros públicos e privados onde existía unha apreciable presencia de alumnos inmigrantes. Comprobaron que as mellores escolas eran as que promovían e estimulaban a cooperación entre os alumnos sobre todo cando a procedencia destes é heteroxénea, afastada da idea dun mero agrupamento de alumnos, buscando harmonizar alteridade con identidade, como parte fundamental para aprender a desenvolver unha "cidadanía cosmopolita" de respecto ás outras culturas desde o aprecio da propia cultura.

Na avaliación do programa, ó comparar resultados entre o grupo experimental e o grupo control, atopáronse diferencias significativas en relación cunha maior interacción con alumnos doutras culturas e un mellor resultado no rendemento cognitivo e socioafectivo, cando se utili-

zaron as técnicas da aprendizaxe cooperativa. Os autores afirman: "este experimento pedagóxico puxo de manifesto que a aprendizaxe dos alumnos de secundaria está fortemente influída por compoñentes sociafectivos, que a riqueza da interacción propulsa ou inhibe". Miguel Anxo Santos e María do Mar Lorenzo, baseados en formulacións teóricas, buscaron plasmar na práctica a construcción da escola intercultural, fuxindo do encadramento en estereotipos sobre as distintas identidades, pensando no fructífero resultado de convivir xuntas distintas persoas de diferentes culturas, que se conseguirá co desenvolvemento de técnicas cooperativas de aprendizaxe.

Recoñecendo o esforzo que supón para os profesores a posta en marcha do programa, sabendo que sen a súa motivación para colaborar é imposible realizalo,

sinalan a necesidade de formar o profesorado en educación intercultural, polo que se ve como imprescindible que existan planes de formación permanente. Os autores, conscientes de que as transformacións son o resultado dun proceso, indican que deben ser as autoridades quen incentive as iniciativas que contribúan a mellorar as relacións interculturais na ensinanza e a mellora no rendemento educativo. Apuntan a importancia de incluír os fluxos migratorios dentro do currículo escolar obligatorio, posto que Galicia está implicada nas dúas beiras do fenómeno migratorio.

O esforzo polo deseño de Programas viables para a integración da diversidade cultural na escola e na sociedade sempre é de agradecer. Oxalá que o traballo teórico se concrete en cambios prácticos.

*Isabel Gentil García*  
Universidad Complutense de Madrid

